1. Deseñar un plan de formación para a incorporación dos migrantes o mercado laboral galego no sector industrial galego e naquelas ocupacións necesitadas de man de obra dentro dos comités provinciais e autonómicos de emprego e se presente no Parlamento de Galicia no prazo de tres meses.

2. Deseñar un plan de formación continua para os migrantes ocupados que permita que melloren as condicións laborais de precariedade que padecen dentro dos comités provinciais e autonómico de emprego e se presente no Parlamento de Galicia no prazo de tres meses.

3. Realizar unha campaña da Xunta de Galicia a través da Inspección de Traballo pola que se vixíe o cumprimento da lexislación laboral en materia de salarios e xornadas en relación coa poboación migrante ocupada na Comunidade Autónoma de Galicia.

CSV: BOPSDEG-dpp6xb5b-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:06:20
Nº Rexistro: 14782
Data envio: 21/11/2024 13:06:20.354

Grupo
Parlamentario
Socialista

Parlamento de Galicia, 20 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/11/2024 13:48:11

Elena Espinosa Mangana na data 20/11/2024 13:48:22

Silvia Longueira Castro na data 20/11/2024 13:48:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/11/2024 13:48:46

CSV: BOPSDBCgdfRPc2xsbb-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:19:12
Nº Rexistro: 14787
Data envio: 21/11/2024 13:19:12.782

PSG PSOE
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Comisión**.

Neste inicio do curso 2024-2025 atopámonos con distintas problemáticas en numerosos centros da comunidade galega que afectan na maioría dos casos á redución de efectivos de profesorado especialista, ademais das insuficiencias dos servizos complementarios. Estas incidencias están sendo denunciados polos representantes das ANPA e os equipos directivos que o achacan á falta de compromiso e de responsabilidade da consellería de Educación cara á situación dos centros públicos de educación.

Aseguran que o goberno da Xunta de Galicia mostra unha actitude de desleixo cara ao ensino público e unha falta de escoita da comunidade educativa que, apuntan, se atopa indignada por non recibir respostas sobre as problemáticas que están a xurdir desde comezo do curso.

A ANPA Beiramar do CPI Atios de Valdoviño vén de reclamar insistentemente que a Consellería de Educación cubra as deficiencias que neste momento están a sufrir no desenvolvemento da actividade académica, focalizada na dotación de recursos docentes e no servizo de comedor.

No primeiro caso, denuncian que a Consellaría está a incumprir as suas propias promesas xa que non se incorporou o docente de apoio para o ciclo de Infantil que lles correspondería, e que se cubra a praza do docente de Pedagoxía Terapéutica, que está vacante desde finais do pasado curso.

CSV: BOPSDEG-v0ron1a1b1k67
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No caso do servizo de comedor, denuncian que debido ao reducido número de prazas, non se garanta o acceso ao servizo de comedor no CPI Atios por parte dos nenos e nenas residentes en Valdoviño; neste momento 18 alumnos empadroados queden fóra mentres outros estudantes doutras localidades asisten a este servizo fundamental para a conciliación coas actividades laborais dos pais e nais. Piden, por tanto, que a Xunta incremente as prazas para que todo o alumnado que o precise poida utilizar o servizo. Piden ademais que a Xunta recupere a gratuidade do comedor para o alumnado que está obrigado a utilizar o comedor do centro pola ausencia de transporte público, como é o caso dos residentes en Loira, Pantín, Vilarrube e Vilaboa, e tamén, para aquelas familias que solicitaron praza nas unitarias e quedaron fóra non se vexan obrigadas a abonar a contía máxima do copago.

Ante estas solicitudes, a Consellería de Educación, a través do seu Delegado Territorial, ignora as peticións de reunión trasladadas e nin sequera se poña ao teléfono para abordar a situación, maxime cando acudía recentemente ao propio centro sen falar cos pais e nais e buscar solucións.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Dotar de forma inmediata de profesorado de apoio e de especialista en PT que precisa o CPI Atrios de Valdoviño.

2. Adoptar as medidas necesarias para que os nenos e nenas do CPI Atios que teñan que utilizar o comedor o poidan facer, especialmente os residentes en Valdoviño.

CSV: BOPRSDEG-v28n0nb4467
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

3. Garantizar a gratuidade do comedor aos nenos e nenas que non dispoñen de alternativa de transporte e aos que non puideron ser escolarizados nas unitarias de referencia.

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 21/11/2024 13:14:30

Silvia Longueira Castro na data 21/11/2024 13:14:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2024 13:14:56

CSV: BOPARDG-220nb0b4b67
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:30:36
Nº Rexistro: 14793
Data envio: 21/11/2024 13:30:36.101

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Longueira Fraga e Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

Reiteradamente vimos de preguntar nesta Cámara, como pensa o Goberno da Xunta de Galicia axilizar a tramitación burocrática para que os usuarios e as súas familias poidan solicitar os recursos e axudas da Lei de autonomía persoal. Toda vez que a Xunta anunciou, en abril de 2023, que tomaría medidas para axilizar os períodos de tramitación e a eliminación de burocracia.

“El objetivo es reducir el papeleo, eliminar duplicidades y acelerar el tiempo hasta que el dependiente recibe la prestación”, indicaba Alfonso Rueda.

Ao parecer, estas medidas formaban parte dun “Plan de choque da dependencia que ten en marcha a Xunta, e que “auguraban” vai cambiar “substancialmente” o procedemento para obter a valoración do grao de dependencia ou a prestación correspondente.

O decreto incide en tres aspectos fundamentais: redución do número de documentos que deben presentar as persoas interesadas en obter un recoñecemento de dependencia. Segundo Rueda, “de presentar unha ducia de documentos pasarase a dous: un informe médico e un informe social”.

En segundo lugar, unifica nun só procedemento os dous que se requiren agora para obter un recurso de dependencia: o de solicitude de recoñecemento de grao e o Programa Individual de Atención (PIA).

CSV: BOPSDEDGSERO0kYwXrD-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En último lugar, redefínese o concepto de PIA. O programa levará aparellado unha prestación económica pública e tamén alternativas de servizo no caso de que a primeira opción non conte con prazas dispoñibles nese momento.

Continuaba o señor Rueda anunciando que o novo decreto tamén conta con “outras” melloras para axilizar e facilitar o traballo de profesionais públicos que valoran a dependencia, como crear novos centros de valoración ou facilidades para xustificar copago dos bonos de residencia, centros de día, axuda no fogar ou asistente persoal. E a redución no papeleo para percibir a axuda por coidador na contorna familiar.

En conclusión, as listas non diminuíron, senón que se incrementaron. A espera para ingresar nunha residencia continúa a aumentar. E os traballadores do sistema están ateigados sen solucións á vista. E a realidade é que chegaron a poñer en contra até ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia que levan anos reclamando o reforzo dos equipos de valoración, indicando que o reforzo non pode ser puntual, xa que o problema na espera é un problema estrutural.

Ademais, seguimos á espera de que se constrúa unha estratexia de Servizos Sociais, xa que medidas como os bonos o que fan e crear expectativas que despois non poden cumprirse. E producen un queime nos profesionais que non só teñen que dar resposta á frustración das persoas usuarias senón a volumes de traballo inasumibles. Realizar estas modificacións, sen contar coas persoas profesionais do eido social e sanitario, é un atraso para os dereitos das persoas usuarias.

Con tal motivo, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

CSV: BOPSDEG-SRDAYKR0-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:30:36
Nº Rexistro: 14793
Data envio: 21/11/2024 13:30:36.101

Grupo
Parlamentario
Socialista

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Deseñar e executar un plan estratéxico, previsto la Lei de servizos sociais de Galicia, para afrontar o futuro dos próximos 6 anos do sistema da Lei de dependencia en Galicia.

2. Abrir unha espazo de colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para mellorar o deseño de medidas que aborden o problema estrutural das listas de espera.

3. Establecer un acordo executivo cos concellos galegos co fin de reducir nos próximos 6 meses as listas de espera que están ateigando aos técnicos de Servizos Sociais.

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 21/11/2024 13:26:00

Elena Espinosa Mangana na data 21/11/2024 13:26:14

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2024 13:26:30

CSV: BOPSDEG-SRDAYkRD-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:47:05
Nº Rexistro: 14800
Data envio: 21/11/2024 13:47:05.635

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

Existe unha gran diversidade de solucións que facilitan a transición cara a un sistema enerxético baixo en emisións. Dentro desta diversidade de actores aparece por primeira vez a nivel Europeo, o 30 de novembro de 2016 (Directiva COMO (2016) 864), a figura de Comunidade Enerxética.

Segundo o Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) entidade dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica, competente na materia para a transposición das Directivas Europeas 2018/2001 e 2019/944 ao Regulamento español, unha comunidade enerxética local é "unha nova figura na cadea de valor socioeconómico do sector enerxético e un novo actor no gran abanico do escenario da transición enerxética. O seu papel reside en facilitar a participación proactiva dos amplos sectores da sociedade sobre a cadea de valor da enerxía, sempre desde unha posición local en canto ao territorio onde operan e en canto ao beneficio socioeconómico que xeran".

Unha vez trasposta a definición das directivas ao ordenamento xurídico español, a Comunidade de Enerxías Renovables (CER) defínese e ten que cumprir os seguintes requisitos:

- Ser unha entidade xurídica de participación aberta e voluntaria.
- A entidade está controlada efectivamente polos seus socios ou membros (non hai un socio maioritario).

CSV: BOPSDEG-pdf-20x1b97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- O seu obxectivo é brindar beneficios sociais e ambientais nas zonas onde opera (ámbito).
- A entidade non persegue unha finalidade de obter ganancias financeiras (repartir dividendos).
- Os activos son propiedade da entidade xurídica Comunidade.
- Os socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou autoridades locais, incluídos os municipios.

As actividades principais con impacto social e ambiental que pode desenvolver unha comunidade enerxética local son:

- Xeración de enerxía principalmente procedente de fontes renovables.
- Prestación de diferentes servizos como a subministración, intercambio, asesoramento ou almacenamento de enerxía aos membros.
- Prestación de servizos de eficiencia enerxética.
- Prestación de servizos de recarga para vehículos eléctricos ou outros servizos enerxéticos.
- Todos poden participar no control enerxético do sistema.
- Participación social e mellora das condicións de vida en zonas rurais e urbanas.
- O uso de tecnoloxías limpas que xeran calor e/o electricidade ofrecen alternativas seguras, fiables, limpas e cada vez máis rendibles ás nosas necesidades enerxéticas, contribuíndo así a reducir as emisións de gases contaminantes e ao impacto negativo do cambio climático.
- Investimento en eficiencia enerxética, pobreza enerxética, iniciativas de solidariedade para garantir que ninguén queda atrás e que todos poidan beneficiarse do sistema enerxético, incluídos os máis vulnerables.
- Educación e capacitación para membros, escolares e / ou o público en xeral.
- Promoción da democracia enerxética e apoderamento cidadán.

CSV: BOPARLDE-DAGD-2024-jbb97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así, podemos afirmar que as comunidades enerxéticas locais ofrecen a oportunidade de impulsar rapidamente a transición enerxética cara a un sistema enerxético renovable, descentralizado, democrático e resiliente.

Por todo isto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Incentivar a participación da cidadanía nas comunidades enerxéticas locais para impulsar as vantaxes do autoconsumo compartido.

2. Crear unha plataforma de acceso público con todas as comunidades enerxéticas locais que inclúa os datos máis relevantes, e visibilice tanto a súa natureza como o impacto positivo de cada unha delas nas localidades onde operan (natureza, cantidade de enerxía producida, tipo de enerxía, pegada de carbono etc.)

3. Dotar de recursos para a constitución das comunidades enerxéticas a través dunha liña de axudas para a contratación de asistencias técnica: realización de estudos de viabilidade, formulación de plans de negocio e/ou plans de financiamento e para a instalación de enerxías renovables, sistemas de almacenamento de enerxía, vehículos cero emisións e puntos de carga.

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 21/11/2024 13:37:38

CSV: BOPSDEG-pdf-2024-xjbb97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 13:47:05
Nº Rexistro: 14800
Data envio: 21/11/2024 13:47:05.635

Grupo
Parlamentario
Socialista

Lara Méndez López na data 21/11/2024 13:37:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2024 13:38:06

CSV: BOPSDEGPDGAGDzOXtjbi97
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 14806
Data envio: 21/11/2024 14:06:16.855

Grupo
Parlamentario
Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.**

Tras o Consello da Xunta de Galicia de data 11 de novembro o Presidente Rueda anunciaba unha medida segundo as súas verbas "pioneira " no Estado que consiste en "afinar as listas de emprego", dando luz verde a un procedemento sancionador que se seguirá "contra" os usuarios inscritos como parados no SPEG.

Sinalaba en rolda de prensa que durante o mes de outubro contactarase con todos os inscritos para que asinen o acordo de actividade.

Desde o Grupo Parlamentario afirmamos que a pretensión do Goberno galego en adelgazar as listas de desemprego non é nova, sendo presidente Feijóo, xa o Grupo Socialista destapaba situacións similares.

Esta iniciativa que anuncia agora o presidente comezaba xa antes da aprobación da medida, en xuño de 2023, co resultado da baixa de 10.400 desempregados de longa duración das listas.

Certo é que o Goberno galego actúa contra os parados e paradas galegos, obvia as obrigacións da Consellería de Emprego en relación cos desempregados e desempregadas, empezando como se di de forma coloquial a casa polo tellado porque non se pode realizar o compromiso de actividade que indican sen antes actualizar todos os currículos dos demandantes de

CSV: BOPRSDEG-gdRDcyeb0b-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

emprego e conforme a este realizar un itinerario personalizado de inserción laboral polo orientador laboral. Sobre esta cuestión as socialistas insistimos unha e outra vez tanto na pasada lexislatura como na actual.

Unha vez que se realice o Itinerario a Xunta de Galicia ten a obriga de derivar o desempregado aos cursos adecuados o seu perfil e que se adecúen ás necesidades do mercado laboral. Estas obrigas non se cumpren polo Goberno galego.

En conclusión, no lle importa a Xunta de Galicia dar os instrumentos establecidos na Lei de emprego, nin da actual, nin da anterior, o que lle ocupa e lle preocupou sempre é manipular e adelgazar as listas de emprego, para dar unha visión do mercado laboral galego ficticio.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1. Cumpra a Lei de emprego deseñando un plan de formación que responda ás necesidades do mercado laboral dentro dos comités de emprego autonómicos e provinciais de emprego e se presente no Parlamento de Galicia no prazo de tres meses.

2. Non proceda a baixa nas listas de desemprego sen antes ser chamados presencialmente ás oficinas de emprego co fin de:

2.1. Actualizar os currículos.

2.2. Deseño do itinerario personalizado de emprego para cada desempregado de conformidade co plan deseñado e aprobado nos comités provinciais e autonómico de emprego.

CSV: BOPSDEG-gb2RDeyeb0b-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2.3. Que o SPEG oferte os instrumentos de formación establecidos no documento de inserción.

Parlamento de Galicia, 21 de novembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/11/2024 14:02:39

Elena Espinosa Mangana na data 21/11/2024 14:02:51

Silvia Longueira Castro na data 21/11/2024 14:03:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 21/11/2024 14:03:12

CSV: BOPSDEG-ZRDCvb0-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 17:42:15
Nº Rexistro: 14820
Data envio: 21/11/2024 17:42:15.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a transfobia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 20 de novembro celébrase a nivel internacional o Día da Memoria Trans, unha data de lembranza das persoas trans que foron violentadas, chegando en moitos casos a seren asasinadas, pola súa identidade de xénero e a non adecuación a unha sociedade binarista e totalmente confesional co sistema sexo-xénero.

A aceptación do colectivo trans entre a sociedade non deixou de medrar nas últimas décadas, acadándose cada vez maiores cotas de representación nos medios e máis visibilidade para as activistas que loitan por levar á palestra política as reivindicacións do colectivo. Neste marco é posible imaxinar un futuro no que as persoas trans vivan en pé de igualdade co resto da sociedade, recoñecidas na súa plenitude, e non limitándose á tolerancia ou á aceptación.

Neste contexto, cómpre sinalar os avances que se foron dando, coma a aprobación a nivel estatal da Lei 4/2023, que se ben ten eivas que o BNG xa ten sinalado durante o seu trámite nas Cortes, tamén supón unha mellora na garantía dos dereitos do colectivo trans.

Mais infelizmente, o certo é que, de xeito case paralelo a este incremento na visibilización e na garantía de dereitos das persoas trans, tamén é importante sinalar a súa situación como albo de numerosos ataques e discriminacións, tamén na Galiza.

CSV: BOPSDEGP2K6tHEb8-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 17:42:15
Nº Rexistro: 14820
Data envio: 21/11/2024 17:42:15.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Violencias que levan existindo moito tempo, mais que nos últimos anos podemos presenciar unha maior presenza en medios de comunicación e discursos públicos, amparadas por movementos dun perfil claramente reaccionario e que se opoñen á aprobación de medidas lexislativas que poidan mudar a realidade das persoas trans. A proliferación de desinformación e falsidades a través das redes sociais, acollidas e abrigadas desde certos estamentos públicos, tamén políticos, teñen un dos albos principais o dereito á modificación rexistral da mención ao sexo.

Unha destas fontes de discriminacións é a administración pública, algo que non debera suceder en ningún caso. As denuncias deste trato diferenciado son frecuentes no propio colectivo e atinxen a todas as administracións, englobando desde dificultades para ser tratades co nome escollido ata atrancos para acceder aos tratamentos preceptivos.

A Lei galega 2/2014 inclúe un único artigo específico referente á realidade das persoas trans, circunscribíndose exclusivamente a recoller (sic) a garantía da atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade. A obsolescencia desta norma, o seu raquitismo e o seu escaso desenvolvemento e cumprimento, súmanse á falta doutros textos que recollan de xeito específico a situación das persoas trans.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Realizar e publicar no prazo dun ano un estudo sobre a situación das persoas trans no mercado laboral.

CSV: BOPSDEGPZ4GTHEb8-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2024 17:42:15
Nº Rexistro: 14820
Data envio: 21/11/2024 17:42:15.446

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º.- Elaborar e poñer en marcha un plan para mellorar a integración das persoas trans e o combate da transfobia, que inclúa medidas nos ámbitos educativo e sanitario, entre outros, e medidas de sensibilización e información contra os bulos transfóbicos e LGBTfóbicos."

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Noa Presas Bergantiños
Deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/11/2024 17:30:02

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2024 17:40:10

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2024 17:40:11

CSV: BOPRSDBEGP2RCdHEb8-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 11:49:43
Nº Rexistro: 14922
Data envio: 25/11/2024 11:49:43.493
Data 25/11/2024 11:49

Asunto: remisión de documentación

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, dou traslado, segundo comunica a Consellería de Facenda e Administración Pública, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de **outubro de 2024.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPSDRC-125DYtkNb-77
Verificación: CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 25/11/2024 11:49:19

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 11:49:43
Nº Rexistro: 14922
Data envio: 25/11/2024 11:49:43.493

ASUNTO	Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento
PERÍODO	Outubro 2024

1. IMPREVISTOS

1.1. EXPEDIENTE TR-23-017-24

(Código exp. CODEX TR-2024-215-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.38)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (001.38.02)

1.1.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 495.000.00 € dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas 621B á aplicación orzamentaria 38.02.312B.432.13 (código de proxecto 2015 00547) para financiar unha ampliación de crédito na Axencia Galega de Servizos Sociais para poder afrontar os gastos do capítulo II.

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	38.02..312B.43213	Financiamento E I 0-3 anos.Transferencias Axencia Galega	2015.00547	1010	N	495.000,00	0,00

1.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1010	N	495.000,00	0,00

1.2. EXPEDIENTE TR-23-018-24

(Código exp. CODEX TR-2024-313-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.38)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Maiores e Atención Sociosanitaria (001.38.05)

1.2.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 2.600.000,00 € dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas (621B á aplicación orzamentaria 38.05.312D.442.07 (código de proxecto 2006 00435) para contar con crédito dabondo para permitir a modificación orzamentaria no PAIF do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do exercicio 2024.

1.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	38.05..312D.44207	CONCORCIO GALEGO SERVIZOS DE IGUALDADE E DO BENESTAR	2006.00435	1010	N	2.600.000,00	0,00

1.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	OUTROS IMPREVISTOS	2011.00912	1010	N	2.600.000,00	0,00

1.3. EXPEDIENTE TR-23-019-24

(Código exp. CODEX TR-2024-179-00400002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (001.35)
ÓRGANO XESTOR	Secretaría Xeral Técnica (001.35.01)

1.3.1. Descrición

CSV: BOPARL-PR-CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Transferencia con cargo ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas por importe de 900.093,71€, con destino á aplicación orzamentaria 35.03.131A.227.01 (código de proxecto 2015-00075), coa finalidade de facer fronte aos gastos relativos ao servizo de vixilancia e seguridade realizado durante as obras de "Adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral como Futura Cidade da Xustiza de Vigo" cuxo custo foi soportado pola empresa adxudicataria, sendo a Administración a responsable de xestionar este servizo.

1.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	35.03..131A.22701	SEGURANZA	2015.00075	1010	N	900.093,71	0,00

1.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	OUTROS IMPREVISTOS	2011.00912	1010		900.093,71	0,00

1.4. EXPEDIENTE TR-23-021-24

(Código exp. CODEX TR-2024-217-00400001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.38)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Persoas con Discapacidade (001.38.04)

1.4.1. Descrición

Transferencia de crédito dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas á aplicación 38.04.312D.781.0 por un importe de 800.000 para financiar a execución das fases 4B e 5A da construción da nova sede da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

1.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	38.04..312D.7810	AXUDAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	2015.00492	1010		800.000,00	0,00

1.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	OUTROS IMPREVISTOS	2011.00912	1010	N	800.000,00	0,00

1.5. EXPEDIENTE TR-23-022-24

(Código exp. CODEX TR-2024-214-00400006)

ENTIDADE / CONSELLERIA	Consellería de Política Social e Igualdade (001.38)
ÓRGANO XESTOR	S.X. Técnica (001.38.01)

1.5.1. Descrición

Transferencia de crédito dende o programa de imprevistos e funcións non clasificadas a aplicación 38.01.311A.742.07 polo importe de 180.000,00 € coa finalidade de dar cobertura a un programa de intervencións e adaptación urxentes de instalacións e equipamentos impulsado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (en adiante CGSIB) no Concello de Teo.

1.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	21	38.01..311A.74207	Transferencias de capital ao CGSIB.	2015.00553	1010	N	180.000,00	0,00

CSV: BOPARG-125DYKN8-77
Verificación: CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.5.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	12	23.02..621B.520	Outros imprevistos	2011.00912	1010	N	180.000,00	0,00

CSV: BOPARG-125BYWKN8-77
Verificación: CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 11:49:43
Nº Rexistro: 14922
Data envio: 25/11/2024 11:49:43.493

2. TRANSFERENCIA ORDINARIA

2.1. EXPEDIENTE TR-07.81-001-24

(Código exp. CODEX TR-2024-52-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERIA	EGAP (101)
ÓRGANO XESTOR	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

2.1.1. Descrición

Transferencia de crédito dentro do Capítulo I, desde aplicacións orzamentarias de persoal funcionario (art. 12) a aplicacións orzamentarias de persoal laboral temporal indefinido (art. 13) co obxecto de executar unha sentenza xudicial que indica cunha retroactividade determinada o pagamento de diferenzas salariais á persoa demandante

2.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	07.81..122B.13300	Retribucions básicas	2016.00001	1010	N	102.858,38	0,00

2.1.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	07.81..122B.12000	Soldos subgrupo A1	2016.00001	1010	N	20.000,00	0,00
101	10	07.81..122B.12001	Soldos subgrupo A2	2016.00001	1010	N	15.000,00	0,00
101	10	07.81..122B.12003	Soldos subgrupo C2	2016.00001	1010	N	2.000,00	0,00
101	10	07.81..122B.12005	Trienios	2016.00001	1010	N	858,38	0,00
101	10	07.81..122B.12101	Complemento específico	2016.00001	1010	N	45.000,00	0,00
101	10	07.81..122B.12143	Complemento de carreira	2016.00001	1010	N	20.000,00	0,00

2.2. EXPEDIENTE TR-07.81-002-24

(Código exp. CODEX TR-2024-52-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	EGAP (101)
ÓRGANO XESTOR	ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

2.2.1. Descrición

Transferencia de crédito dos conceptos 120 121 e 226 a varios subconceptos do concepto 133 para o pagamento de nóminas de persoal laboral indefinido

2.2.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	07.81..122B.13300	RETRIBUCIONS BASICAS	2016.00001	1010	N	60.300,00	0,00
101	10	07.81..122B.13301	OUTRAS REMUNERACIONS	2016.00001	1010	N	2.500,00	0,00
101	10	07.81..122B.13305	TRIENIOS	2016.00001	1010	N	8.000,00	0,00
101	10	07.81..122B.13308	IPC GALEGO	2016.00001	1010	N	200,00	0,00

2.2.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
101	10	07.81..122B.12000	Soldos subgrupo A1	2016.00001	1010	N	10.000,00	0,00
101	10	07.81..122B.12100	Complemento de destino	2016.00001	1010	N	16.000,00	0,00
101	10	07.81..122B.22617	Cursos de formación	2014.00001	1010	N	45.000,00	0,00

CSV: BOPGDOC-1259XKNb77
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 11:49:43
Nº Rexistro: 14922
Data envio: 25/11/2024 11:49:43.493

2.3. EXPEDIENTE TR-07.A1-002-24

(Código exp. CODEX TR-2024-5-00100003)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AMTEGA (303)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

2.3.1. Descrición

Transferencia de crédito no capítulo I da Amtega por importe de 130,76 euros para facer fronte ao pagamento da subida salarial prevista do 2% na anualidade de 2024

2.3.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
303	10	07.A1..571A.13002	COMPLEMENTOS DE PERIGOSIDADE, PENOSIDADE E TOXICIDADE	2016.00008	1010	N	130,76	0,00

2.3.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
303	10	07.A1..571A.13000	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS	2016.00008	1010	N	130,76	0,00

2.4. EXPEDIENTE TR-07.A1-002-24

(Código exp. CODEX TR-2024-5-00100002)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AMTEGA (303)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

2.4.1. Descrición

Transferencia de crédito entre diferentes conceptos do capítulo VI para dotar de fondo propio o capítulo II do orzamento da Amtega, por importe de 400.000,00 €, para atender expedientes críticos.

2.4.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
303	10	07.A1..571A.216	Equipamentos para procesos da información	2013.00001	1010	N	162.142,00	0,00
303	10	07.A1..571A.216	Equipamentos para procesos da información	2014.00001	1010	N	201.778,49	0,00
303	10	07.A1..571A.216	Equipamentos para procesos da información	2015.00009	1010	N	36.079,51	0,00

2.4.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
303	10	07.A1..311A.6260	Equipamentos para procesos da información	2023.00003	1020	S	100.000,00	0,00
303	10	07.A1..571A.6220	Equipamentos para procesos da información	2023.00002	1020	S	100.000,00	0,00
303	10	07.A1..571A.6260	Equipamentos para procesos da información	2023.00005	1020	S	100.000,00	0,00
303	10	07.A1..571A.6400	Equipamentos para procesos da información	2023.00005	1020	S	100.000,00	0,00

2.5. EXPEDIENTE TR-09.A2-007-24

(Código exp. CODEX TR-2024-4-00100009)

ENTIDADE / CONSELLERIA	GAIN (304)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

2.5.1. Descrición

CSV: BOPARG-112024-9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2024 11:49:43
Nº Rexistro: 14922
Data envio: 25/11/2024 11:49:43.493

Transferencia de crédito por importe de 40.143,19 € entre conceptos orzamentarios do capítulo I do programa 561A do estado de gastos da Axencia Galega de Innovación, co fin cumprir a execución da sentenza do Xulgado do Social núm. 3 de Santiago de Compostela.

2.5.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
304	10	09.A2..561A.13300	Retribucións basicas	2016.00018	1010	N	31.374,26	31.374,26
304	10	09.A2..561A.13301	Outras remuneracións	2016.00018	1010	N	3.396,54	3.396,54
304	10	09.A2..561A.13305	Trienios	2016.00018	1010	N	2.458,08	2.458,08
304	10	09.A2..561A.13308	IPC	2016.00018	1010	N	140,87	140,87
304	10	09.A2..561A.13343	Carreira profesional	2016.00018	1010	N	2.773,44	2.773,44

2.5.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
304	10	09.A2..561A.12000	Soldo Subgrupo A1	2016.00018	1010	N	18.990,98	18.990,98
304	10	09.A2..561A.12005	Trienios	2016.00018	1010	N	3.433,40	3.433,40
304	10	09.A2..561A.12100	Complemento destino	2016.00018	1010	N	6.313,08	6.313,08
304	10	09.A2..561A.12101	Complemento específico	2016.00018	1010	N	8.491,42	8.491,42
304	10	09.A2..561A.12108	IPC	2016.00018	1010	N	140,87	140,87
304	10	09.A2..561A.12143	Carreira profesional	2016.00018	1010	N	2.773,44	2.773,44

2.6. EXPEDIENTE TR-12.80-043-24

(Código exp. CODEX TR-2024-59-00100042)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

2.6.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO entre conceptos dos capítulos VI e II, programa 412A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para o ano 2024, con destino a gastos en bens correntes e de servizos, por importe total de 8.591.884,00 €. A transferencia proposta ten por finalidade dotar crédito no artigo 25 das Áreas Sanitarias de A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, para facer fronte aos gastos de asistencia sanitaria con medios alleos.

2.6.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	15.01..412A.25203	CONCERTOS CON ENTIDADES PRIVADAS	2014.00042	1010	N	1.259.384,00	0,00
103	50	15.01..412A.25303	OUTRAS HEMODIÁLISES EN CENTROS NON HOSPITALARIOS	2014.00042	1010	N	670.000,00	0,00
103	50	15.01..412A.25802	OUTROS SERVIZOS DE ASISTENCIA SANITARIA	2014.00042	1010	N	271.000,00	0,00
103	50	15.05..412A.25203	CONCERTOS CON ENTIDADES PRIVADAS	2014.00042	1010	N	500.000,00	0,00
103	50	15.71..412A.25301	HEMODIÁLISE EN CENTROS HOSPITALARIOS	2014.00042	1010	N	667.000,00	0,00
103	50	15.71..412A.25402	TERAPIA DA INSUFICIENCIA RESPIRATORIA A DOMICILIO	2014.00042	1010	N	704.000,00	0,00
103	50	27.01..412A.25203	CONCERTOS CON ENTIDADES PRIVADAS	2014.00042	1010	N	1.717.500,00	0,00
103	50	27.01..412A.25303	OUTRAS HEMODIÁLISES EN CENTROS NON HOSPITALARIOS	2014.00042	1010	N	1.275.000,00	0,00
103	50	32.01..412A.25303	OUTRAS HEMODIÁLISES EN CENTROS NON HOSPITALARIOS	2014.00042	1010	N	200.000,00	0,00
103	50	32.01..412A.25402	TERAPIA DA INSUFICIENCIA RESPIRATORIA A DOMICILIO	2014.00042	1010	N	600.000,00	0,00
103	50	32.01..412A.25403	CONCERTOS PARA RESONANCIA MAGNÉTICA E MEDICINA NUCLEAR	2014.00042	1010	N	40.000,00	0,00

CSV: BOPGDOC-283YKNB77
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.03..412A.25203	CONCERTOS CON ENTIDADES PRIVADAS	2014.00042	1010	N	688.000,00	0,00

2.6.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.6211	PLANS DIRECTORES E OUTRAS ACTUACIÓNS EN CENTROS HOSPITALARIOS	2015.00004	1010	N	90.006,66	0,00
103	50	50.01..412A.6211	PLANS DIRECTORES E OUTRAS ACTUACIÓNS EN CENTROS HOSPITALARIOS	2017.00002	1010	N	8.501.877,34	0,00

2.7. EXPEDIENTE TR-12.80-044-24

(Código exp. CODEX TR-2024-59-00100040)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

2.7.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO dende o capítulo II ao capítulo IV, programa 412A, do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2024, con destino a sociedades mercantís, por importe total de 94.583,00 €. A transferencia proposta ten por finalidade dotar crédito no capítulo IV do centro 5001 Servizos Centrais, para tramitar unha encomenda a Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A, para a realización das actuacións necesarias para a planificación, coordinación e xestión do Plan de Dotación do Novo Hospital de Pontevedra.

2.7.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.44115	GALARIA. EMPRESA PUBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A.	2016.00025	1010	N	94.583,00	0,00

2.7.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	2014.00042	1010	N	94.583,00	0,00

2.8. EXPEDIENTE TR-12.80-045-24

(Código exp. CODEX TR-2024-59-00100045)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

2.8.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO entre conceptos dos capítulos 2 e 6, programa 412A, do orzamento de gastos do Servizo Galego de Saúde para 2024, con destino a canons e construción de centros, por importe de 9.907.854,38 €. A modificación ten por finalidade dotar no centro 3601-Área Sanitaria de Vigo, o crédito necesario nos capítulos II e VI para satisfacer o importe das facturas emitidas pola Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo, correspondentes á prestación de servizos e recuperación da construción.

2.8.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	36.01..412A.209	CANONS	2010.90001	1010	N	1.989.292,00	0,00
103	50	36.01..412A.6210	CONSTRUCIÓN DE CENTROS	2010.90001	1010	N	7.918.562,38	0,00

CSV: BOPSDBCG-1259YKNb-77
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/ CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948

2.8.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.6211	PLANS DIRECTORES E OUTRAS ACTUACIÓNS EN CENTROS HOSPITALARIOS	2014.00038	1010	N	5.471.223,39	0,00
103	50	50.01..412A.6211	PLANS DIRECTORES E OUTRAS ACTUACIÓNS EN CENTROS HOSPITALARIOS	2015.00004	1010	N	4.436.630,99	0,00

2.9. EXPEDIENTE TR-12.80-046-24

(Código exp. CODEX TR-2024-59-00100043)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

2.9.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO entre conceptos do capítulo I, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2024, por importe de 14.776,22 €, con destino a gastos de persoal. A transferencia ten por finalidade dotar o crédito necesario para poder realizar o pagamento das nóminas do persoal contratado no Rexistro Galego de Tumores na Área Sanitaria de Ourense.

2.9.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	32.01..412A.13100	Retribucións básicas	2023.00024	3011	N	14.776,22	0,00

2.9.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	32.01..412A.15305	Produtividade F.V. Actividades	2023.00024	3011	N	14.776,22	0,00

2.10. EXPEDIENTE TR-12.80-047-24

(Código exp. CODEX TR-2024-59-00100041)

ENTIDADE / CONSELLERIA	SERGAS (103)
ÓRGANO XESTOR	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

2.10.1. Descrición

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO dende o capítulo II ao capítulo III, programa 412A, do estado de gastos do orzamento do Servizo Galego de Saúde para o ano 2024, con destino a xuros de demora, por importe de 3.168,75 €. Os xuros son xerados como consecuencia da devolución de axudas concedidas polo Instituto de Salud Carlos III a profesionais deste organismo

2.10.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.352	Xuros de demora	2014.00042	1010		3.168,75	0,00

2.10.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
103	50	50.01..412A.212	Edificios e outras construccións	2014.00042	1010		3.168,75	0,00

2.11. EXPEDIENTE TR-12.A2-003-24

(Código exp. CODEX TR-2024-128-00100003)

CSV: BOPGDSDBC-123BYXKB3-77
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGASOT (309)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

2.11.1. Descrición

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO dende as aplicacións 12A2/120.00, 12A2/120.01, 12A2/120.02 e 12A2/120.03, á apliación 12A2/131.00, programa 412A do estado de gastos do orzamento da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), por importe de 155.000,00 €, con destino ao pago de retribucións básicas de persoal eventual.

2.11.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
309	10	12.A2..412A.13100	RETRIBUCIÓNS BÁSICAS PERSONAL EVENTUAL	2016.00005	1010		155.000,00	0,00

2.11.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
309	10	12.A2..412A.12000	SOLDOS SUBGRUPO A1	2016.00005	1010		55.000,00	0,00
309	10	12.A2..412A.12001	SOLDOS SUBGRUPO A2	2016.00005	1010		50.000,00	0,00
309	10	12.A2..412A.12002	SOLDOS SUBGRUPO C1	2016.00005	1010		25.000,00	0,00
309	10	12.A2..412A.12003	SOLDOS SUBGRUPO C2	2016.00005	1010		25.000,00	0,00

2.12. EXPEDIENTE TR-14.A2-010-24

(Código exp. CODEX TR-2024-12-00100008)

ENTIDADE / CONSELLERIA	AGACAL (409)
ÓRGANO XESTOR	AXENCIA GALEGA DE CALIDADE ALIMENTARIA

2.12.1. Descrición

Transferencia de crédito por importe de 68.758,84 euros non consolidable e 105.116,84 euros consolidable para dotar o concepto 133 dos programas de gasto 14.A2.422L “Capacitación e extensión agroforestal” e 14.A2.561A "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", financiados dende o capítulo I deses mesmos programas de gasto.

O obxecto desta modificación é incrementar o crédito destinado ao pagamento de persoal laboral temporal indefinido, con motivo da execución de dúas sentenzas xudiciais firmes así como da execución das instruccións derivadas dos procesos de funcionarización.

2.12.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..422L.13300	Retribucións básicas	2019.00002	1010	N	28.185,18	40.115,88
409	10	14.A2..422L.13301	Otras remuneraciones	2019.00002	1010	N	4.510,71	7.022,50
409	10	14.A2..422L.13302	complementos	2019.00002	1010	N	1.127,76	1.127,76
409	10	14.A2..422L.13305	Trienio	2019.00002	1010	N	3.004,32	4.096,80
409	10	14.A2..422L.13308	IPC galego	2019.00002	1010	N	139,36	198,14
409	10	14.A2..561A.13300	Retribucións básicas	2016.00008	1010	N	24.807,15	38.903,06
409	10	14.A2..561A.13301	Otras remuneraciones	2016.00008	1010	N	4.433,33	7.576,56
409	10	14.A2..561A.13302	complementos	2016.00008	1010	N	375,92	1.127,76
409	10	14.A2..561A.13305	Trienios	2016.00008	1010	N	1.638,72	3.277,44
409	10	14.A2..561A.13308	IPC galego	2016.00008	1010	N	119,11	192,54

CSV: BOPRIDRO-125BYtkN8-7
Verificación: CVE-PREPAR: 9d567219-31e9-6b80-69a1-c8810c967948
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..561A.13343	complemento de carreira	2016.00008	1010	N	417,28	1.478,40

2.12.3. Partidas orzamentarias de orixe

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
409	10	14.A2..422L.13000	Retribucións básicas	2019.00002	1010	N	28.185,18	40.115,88
409	10	14.A2..422L.13001	Otras remuneraciones	2019.00002	1010	N	4.510,71	7.022,50
409	10	14.A2..422L.13002	complementos	2019.00002	1010	N	1.127,76	1.127,76
409	10	14.A2..422L.13005	Trienio	2019.00002	1010	N	3.004,32	4.096,80
409	10	14.A2..422L.13008	IPC galego	2019.00002	1010	N	139,36	198,14
409	10	14.A2..561A.13000	Retribucións básicas	2016.00008	1010	N	24.807,15	38.903,06
409	10	14.A2..561A.13001	Otras remuneraciones	2016.00008	1010	N	4.433,33	7.576,56
